

**PRESIDENTA:  
DONA M<sup>a</sup> VICTORIA ALONSO MÉNDEZ**

**VOGAIS:  
DONA OLGA M<sup>a</sup> GARCÍA BALLESTEROS  
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL  
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS  
DONA ANA MARIA MEJIAS SACALUGA  
DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ  
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO  
D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ  
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ  
D. JORGE CUBELA LÓPEZ  
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO  
D. JAVIER TOURÍS ROMERO  
D. IGNACIO MARIL PARDO  
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ  
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO  
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**

**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA  
DA COMISION INFORMATIVA DE  
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 18 DE  
FEBREIRO DE 2022**

En Pontevedra, sendo as doce horas e corenta e tres minutos do día 18 de febreiro de 2022, reúnense no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona Lucia Muradas Arcay xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE XANEIRO DE 2022.**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de xaneiro de 2022.

**2. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DA II EDICIÓN DO PROGRAMA DESCÚBREAS (Expediente 2022004283)**

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 15 de febreiro de 2022, para dar conta as persoas asistentes a comisión informativa de Igualdade da convocatoria da II Edición do Programa Descúbreas, cuxo contido literal é o seguinte:

*“A Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado Español, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade*



*Autónoma de Galicia en materia de igualdade; recolle que os poderes públicos no marco das súas competencias, incorporaran medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de prever a violencia de xénero.*

*A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúe unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsa a través do Servizo de Igualdade.*

*A fenda de xénero, a día de hoxe, na industria musical é unha realidade, reflexada nos datos relativos o número de rapazas que cursan estudos nas escolas de música, entorno o 45% do alumnado, e sómente o 15% dedícanse profesionalmente o remate dos estudos. Outro exemplo desta desigualdade é a escasa presenza de bandas lideradas por mulleres na programación musical existente, na maioría dos carteis dos festivais de música do noso país, é habitual que as cabezas de cartel sexan bandas maioritariamente masculinas.*

*Conscientes desta realidade no mundo da música, desde a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, púxose en marcha un programa con perspectiva de xénero que ten como fío condutor o empoderamento das nenas e mulleres no ámbito musical, ao tempo que visibiliza a música de autoría feminina, amosando referentes cunha traxectoria consolidada en tódolos campos do sector musical, dende a produción, composición, interpretación....*

*DESCÚBREAS é unha proposta musical, didáctica e social que ten como obxectivo articular accións que axuden a compensar as dificultades coas que as mozas atópanse actualmente na escena musical, que impiden que se dediquen profesionalmente logo de rematar os seus estudos. Rachar con estes obstáculos que dificultan o desenrolo da súa carreira coas mesmas oportunidades que os seus colegas varóns.*

*O programa engloba unha serie de accións coas que se pretende xerar as condicións óptimas que teñan como resultado un espazo de encontro no que se leven a cabo actividades relacionadas co protagonismo da muller na historia da industria musical, cunha especial incidencia na música feita por elas, nas que elas amosen o seu sentir en primeira persoa, inqedanzas, reivindicacións, reflexións dende a súa propia ollada.*



*O programa DESCÚBREAS ten dous fíos condutores, por unha banda unha plataforma web que albergará tódolos contidos, cun directorio, axenda e tutoriais acerca do funcionamento da industria musical, unha consultaría on line, e por outra banda, un programa de mentoría dirixido a oito nenas e mozas de entre 16 e 30 años da provincia de Pontevedra, e que terá como resultado a gravación das súas propias cancións e do seu propio vídeo-clip.*

*Dado o éxito acadado e o bo resultado do programa de mentoría da edición pasada, do que se beneficiaron oito rapazas, quérese seguir apoiando novamente a mozas da provincia no desenrolo da súa carreira musical, especialmente a aquelas que teñen dificultades para poder realizala.*

*Para seleccionar ás persoas participantes no programa de mentoría convocase a II edición do Programa Descúbreas, cuxas bases se aprobaron por Resolución Presidencial núm. 2022001155, do 15 de febreiro de 2022, e posteriormente publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*O valor estimado de cada beca ascende a 1.000€. As oito participantes seleccionadas participarán nun proceso de mentoría titorizado por persoal especializado do programa "Descúbreas", cunha duración estimada de catro (4) meses, e terán acceso a:*

- *Itinerario individualizado tendo en conta as características de cada alumna. Neste itinerario detallarase as sesións de mentoring das que se fará o seguimento pormenorizado.*
- *Gravación dunha canción propia en estudio.*
- *Gravación e realización dun vídeo-clips de cada artistas mentorizadas."*

### **3. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e corenta e seis minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

